

CURSO DE NIVELACIÓN E PROBA DE CONXUNTO ~~OBRIGATORIOS~~ PARA A SOLICITUDE INDIVIDUAL DE EQUIVALENCIA DE TÍTULOS DE FORMACIÓN NON UNIVERSITARIA AO DE DIPLOMADO EN EDUCACIÓN SOCIAL

O Real Decreto 168/2004 de 30 de xaneiro establece a posibilidade de declaración de equivalencia entre determinados títulos en materia de educación social e o título oficial de Diplomado en Educación Social. Para a declaración desta equivalencia é preciso a superación dun curso de nivelación de coñecementos regulado na Orde ECI/3296/2004 de 4 de Outubro, ademais de acreditar un ano de experiencia profesional.

Tendo coñecemento de que entre os potenciais destinatarios da posibilidade de solicitude individual de equivalencia encóntranse alumnos da Escola de Educadores en Marxinación Social de Galicia, cómpre organizar dito curso de nivelación e é por iso que, visto o Acordo do Consello de Goberno de 17 de novembro de 2004 e o informe da Facultade de Ciencias da Educación, esta Reitoría

RESOLVE:

I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.- O curso de nivelación, así como a proba necesaria para a solicitude individual de equivalencia establecidos no Real Decreto 168/2004 de 30 de xaneiro, regularase polo disposto na presente convocatoria.

1.2.-O curso de nivelación impartirase exclusivamente ao longo dos cursos 2004-05-06. As probas de conxunto correspondentes terán lugar nas datas que determine a Facultade de Ciencias da Educación nos meses de maio e setembro. Asemade, celebrarase unha derradeira convocatoria extraordinaria da proba de conxunto en febreiro de 2007, antes do día 14.

1.3.-Para poder facer o curso de nivelación e a proba de conxunto, os alumnos deberán reunir os seguintes requisitos:

- 1. Estar en posesión dun título de formación en Educación Social de tres anos de duración de entre os sinalados no Anexo.
- 2. Ter comezado ditos estudos en materia de Educación Social con anterioridade ao curso 1992-1993.
- 3. Reunir os requisitos esixidos pola lexislación vixente para o acceso á universidade.

II. ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E DOCENTE

2.1.-O curso de nivelación abarca as materias que se sinalan de seguido:

Materia	Crd.
Socioloxía e Antropoloxía Social	4
Didáctica Xeral	4
Teorías de Institucións Contemporáneas da Educación	4
Educación Permanente	6



Psicoloxía do Desenvolvemento	4
Psicoloxía Social e das Organizacións	6
Novas Tecnoloxías Aplicadas á Educación Social	6
Programas de Animación Sociocultural	6
Interv. Socioeducativa sobre Problemas Fundamentais da Desadaptación Social	9
Practicum	11

2.2 Os alumnos do curso de nivelación integraranse nos grupos das materias correspondentes dos estudos de Diplomado en Educación Social onde esté integrada a docencia, cas particularidades debidas á distinta extensión, programa e forma de avaliación.

2.3 Os alumnos deberán ter realizadas tódalas materias para poder presentarse á proba de conxunto, se ben poderán facear as materias nos dous cursos previstos como materias soltas.

2.4 Aqueles alumnos que teñan superado materias equivalentes ás que forman o curso de nivelación en titulacións oficiais de estudos universitarios poderán solicitar a validación das materias correspondentes.

2.5 A Facultade de Ciencias da Educación, antes de rematar o prazo de matrícula establecido, publicará:

- A organización docente de cada unha das materias do curso de nivelación, horarios e temarios correspondentes.
- As características do practicum, e as súas normas de organización.
- A composición do Tribunal que xulgará a proba de conxunto e os criterios de cualificación que se aplicarán.
- Os requisitos formais da memoria e o prazo para a súa presentación que como límite será 5 días das datas fixadas para as probas.

III. MATRICULA E PREZOS PÚBLICOS

3.1.- Os alumnos matricularanse durante o mes de decembro na Unidade de Xestión Académica do Campus Sur.

3.2.- Os prezos públicos que se aboarán serán distintos segundo se trate de matrícula para a realización do curso de nivelación ou para a proba de conxunto.

Os alumnos aboarán os prezos de apertura de expediente a primeira vez que se matriculen no curso de nivelación, e os prezos de xestión da tarxeta universitaria e de sobre de matrícula en cada curso académico.

3.3 Os prezos que aboarán pola realización de cada unha das materias do curso de nivelación, serán os fixados polo Decreto anual de prezos públicos para os créditos das materias da Diplomatura en Educación Social.

3.4.- Os alumnos que xa teñan feito tódalas materias poderán matricularse da proba de conxunto. Os prezos a aboar serán os fixados no Decreto anual de prezos en concepto de “Obtención, por validación, de títulos de Diplomados das Escolas Universitarias: por avaliación académica e profesional”- tarifa segunda, 10.a) do Decreto 189/2004 que fixa os prezos públicos para o curso 2004/2005-.

IV. AVALIACIÓN E ACREDITACIÓN.

4.1 A realización de cada unha das materias do curso de nivelación por parte dos alumnos acreditarase na acta correspondente mediante a mención de “Apto”. Nos casos de ausencias non xustificadas ou que non se demostre a aptitude esixible, indicarse na acta mediante as mencións de “Non Presentado” ou “Non Apto” respectivamente.

4.2 A avaliación do curso realizarase mediante unha proba de conxunto que recollerá os contidos das materias teóricas e prácticas, mais a presentación dunha memoria que atenderá a análise reflexiva da práctica profesional.

4.3 A proba non se considerará superada se non se obtén valoración positiva en tódalas súas partes. En caso de que un alumno non supere tódolos módulos, a cualificación daqueles superados poderá ser conservada a efectos de presentación a unha convocatoria posterior.

4.4 A superación da proba de conxunto dará dereito á expedición dun certificado individual a efectos de presentar a solicitude de equivalencia ante o organismo correspondente. A asistencia ás clases teóricas e prácticas non dará lugar a ningunha acreditación agás a constancia de ter asistido.

5.O Secretario Xeral dictará cantas instrucións sexan necesarias para a execución do disposto na presente resolución, así como as interpretacións do disposto nela que sexan precisas.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 2004

O Reitor

(Por delegación reitoral 3-12-2004)

O Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado,



Castor Méndez Paz

SR VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO; SR SECRETARIO XERAL; SR DECANO DA F. CC. EDUCACIÓN; SR XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DE OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADEMICA; SR. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR; SR DIRECTOR DO COIE; SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS; SRA. XEFA DA ASESORIA XURÍDICA